



## REGULAMENTO

### VIII RUTA BTT TERRA CHA DO QUEIXO SAN SIMON DA COSTA

Art. 1.- O Club Ciclista Terra Cha en colaboración co Concello de Vilalba, coa autorización da Federación Galega de Ciclismo e acorde co Regulamento Xeral de Cicloturismo, organiza a marcha “VIII RUTA BTT TERRA CHA DO QUEIXO SAN SIMON DA COSTA” o día 6 de Abril do 2024.

Art. 2.- A saída será as 11:00h dende a Praza da Constitución, Vilalba.

Art. 3.- A marcha está aberta a todo ciclista maior de 15 anos en posesión de licenza federativa en vigor, cun máximo de 300 participantes. As inscricións de menores de 18 anos, deberán ir acompañadas da autorización por escrito do pai, nai ou tutor legal do participante. O importe da inscripción será de 23€ para os federados, 28€ para os que se atopen en posesión de licenza de triatlón ou carnet ciclista e de 33€ para os que precisen solicitar licenza dun día.

Art. 4.- Todos os participantes menores de 18 anos, estean ou non en posesión de licenza federativa en vigor, deberán achegar a pertinente autorización paterna para poder participar. De non achegar a devandita autorización, non se dará por formalizada a inscripción e non lles será entregado o dorsal para poder participar na Ruta VIII RUTA BTT TERRA CHA DO QUEIXO SAN SIMON DA COSTA.

Art. 5.- A inscripción realizarase a través da páxina web de [ccnorte.com](http://ccnorte.com) desde o 19 de Febreiro do 2024, ata o día 1 de Abril do 2024.

Art. 6.- Será obligatorio o uso do casco.

Art. 7.- Só se consideraran participantes da marcha aqueles ciclistas que levan o dorsal facilitado pola organización. Participar co dorsal de outra persoa ou inscribirse con datos falsos conleva la descalificación da participación e deberá abandonar a carreira.

Art. 8.- A organización disporá dos servizos sanitarios esixidos polos regulamentos técnicos de la RFEC, ambulancia e médico.

Art. 9.- Cada participante será responsable dos seus actos, tanto dentro coma fora da marcha, debendo cumplir o regulamento de circulación e demais normas de Tráfico e co Medio Ambiente previstas pola lei.

Art. 10.- A organización facilitará avituallamentos sólidos e líquidos en distintos puntos do percorrido, reservándose o dereito a modificar o mesmo si por causas de forza maior, ou o bo desenrolo da proba así o aconsellan.

Art. 11.- Devolucions. As inscricions consideranse DEFINITIVAS, polo que no caso de non poder participar non se realizará a devolución da inscripción. As inscricions son esteticamente persoais e intransferibles e non poden ser utilizadas por outra persona diferente da inscrita.

Art. 12.- A inscripción da marcha supón a plena aceptación do regulamento.

\*O presente regulamento está suxeito a cambios provocados polos protocolos que estableza o Goberno ou a Federación Galega de Ciclismo no momento no que se vaia a desenrolar a proba.